



FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

Lugar da proba:		Data:		Nivel:	CELGA 4
-----------------	--	-------	--	--------	----------------

DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

Apelidos e nome:					
DNI / NIE / Pasaporte:		Nacionalidade:			
Data de nacemento:	___ / ___ / _____	Sexo:	<input type="checkbox"/> Home	<input type="checkbox"/> Muller	
Lugar de nacemento:	<input type="checkbox"/> Galicia <input type="checkbox"/> Outras comunidades de España <input type="checkbox"/> Europa <input type="checkbox"/> América <input type="checkbox"/> África <input type="checkbox"/> Asia <input type="checkbox"/> Oceanía				
Lugar de residencia:	<input type="checkbox"/> Cidade <input type="checkbox"/> Vila <input type="checkbox"/> Aldea				
Tipo de estudos cursados:	<input type="checkbox"/> Universitarios <input type="checkbox"/> Secundarios <input type="checkbox"/> Primarios <input type="checkbox"/> Sen estudos				

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lea detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empregue bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúese á tarefa que se lle pide.
- Axústese ao número de palabras que se lle pide. Valorarase negativamente que non chegue a ese número de palabras ou que se exceda demasiado.
- Non se lle proporcionará outro caderno de exame.
- Debe empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilice o seu nome real no texto da proba nin marque o exame con ningún sinal (por exemplo, non use típex).
- Terá que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.



Celga

Certificado
Lingua
Galega

4





Proba A1

Vostede está facendo un curso para o que lle pediron un **traballo** sobre a figura do marqués de Sargadelos e os altos fornos. Logo de ver o fragmento do programa *Historias de Galicia*, decide utilizalo para redactar a tarefa. No seu texto, en **400 palabras**, ten que:

- Presentar a figura do marqués de Sargadelos e expoñer por que decidiu edificar os altos fornos.
- Explicar como se construíron os altos fornos e cales foron as causas da súa desaparición.
- Argumentar as consecuencias positivas e negativas da desaparición dos altos fornos para a poboación local da época.
- Valorar o papel das persoas emprendedoras tanto naquela época coma hoxe en día.

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA
COMECE NA SEGUINTE

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the text. It is intended for the student to write their answer to the exam question.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for the student to write their answers for the A1 exam.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the text. It is intended for the student to write their answer to the exam question.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for the student to write their answers for the A1 exam.

Proba A2

Vostede e seu irmán herdaron unha casa antiga situada en Arzúa, no Camiño Francés, que se atopa en malas condicións. Despois de ler unha orde da Administración que regula axudas para a rehabilitación de vivendas e un texto sobre a reparación de casas antigas, decide escribirlle a seu irmán un **correo electrónico**, de **400 palabras**, e nel debe:

- Suxerirle a conveniencia de restaurar a casa e informalo sobre as axudas para rehabilitar vivendas.
- Indicarlle as condicións que establece a orde para acollerse ás subvencións.
- Explicarlle cales son, ao seu entender, os arranxos que se poden acometer dado o estado actual da vivenda.
- Anímalo a solicitar as axudas e propoñerlle algunha idea para obter o financiamento restante da obra.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

(DOG número 246, do 28 de decembro de 2015)

ORDE do 22 de decembro de 2015 pola que se abre o prazo para solicitar a participación para realizar actuacións de rehabilitación de edificios e vivendas no ámbito da área de rehabilitación integral dos Camiños de Santiago, no marco do programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2015-2016, e se establecen as bases reguladoras das subvencións deste programa.

(...)

Artigo 2. Ámbito das actuacións

1. As actuacións de rehabilitación deberán realizarse en edificios e vivendas que estean situados no ámbito da área de rehabilitación integral (ARI) dos Camiños de Santiago, de acordo coa relación que figura no anexo I, e que comprende o trazado das sete rutas do Camiño en Galicia, que son as seguintes:
 - Camiño Francés: desde Pedrafita do Cebreiro ata Santiago de Compostela.
 - Camiño da Prata I e da Prata II: desde A Mezquita ou Verín ata Ourense e desde Ourense ata Santiago de Compostela, respectivamente.
 - Camiño Inglés: desde Ferrol ou A Coruña, xuntándose en Mesía ata Santiago de Compostela.
 - Camiño do Norte: desde Ribadeo ata Arzúa, onde conecta co Camiño Francés.

(...)

Artigo 4. Requisitos das actuacións

1. As actuacións deberán axustarse ao proxecto de execución das obras presentado coa solicitude ou, de ser o caso, á memoria subscrita polo técnico ou técnica competente.

O proxecto ou memoria técnica deberá conter todas as especificacións que xustifiquen a rehabilitación do edificio ou vivenda, así como un resumo en capítulos dos tipos de obra que se vaia executar, e debe sinalarse o seu importe. No suposto de que as obras supoñan unha mellora da eficiencia enerxética, deberá especificarse a porcentaxe desta mellora respecto da situación de partida.

O proxecto ou memoria técnica deberá conter, ademais, os seguintes datos do edificio: situación, número de vivendas e locais, superficie construída sobre rasante, superficie sobre rasante con uso residencial e unha reportaxe fotográfica das obras que se vaian realizar.

(...)

Artigo 7. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes abrirase o día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

Mediante unha resolución da persoa titular da Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS), poderase pechar o prazo para a presentación de solicitudes, en atención ao número de solicitudes presentadas. A resolución de peche do prazo de presentación de solicitudes publicarase no Diario Oficial de Galicia e na páxina web do IGVS.

(...)

Artigo 13. Contía das subvencións

1. A contía das axudas determinarase atendendo ao custo subvencionable da actuación que incluírá, de ser o caso, os custos desagregados da actuación de rehabilitación subvencionables, e que non poderá exceder o 35 % do citado custo subvencionable.

O gasto subvencionable fixado na cualificación definitiva determinarase logo da comprobación da execución de todas as obras e da emisión do informe favorable dos servizos técnicos das áreas provinciais do IGVS, en atención ás facturas e aos documentos bancarios de pagamento que se presenten como xustificación destas.

2. A contía máxima das axudas non poderá exceder os 11.000 euros por cada vivenda obxecto de rehabilitación.

Texto adaptado do Diario Oficial de Galicia

Claves para a rehabilitación integral dunha vivenda antiga

Moitos son os edificios que se atopan en mal estado por mor dos anos e moitos os propietarios que deciden facer unha reforma integral para poderen residir neles. Uns recíbenos por herdanza, e outros cómpranos coa intención de manteren moitos dos detalles desa vivenda antiga. A cuestión é que se necesitan, sexa cal sexa a causa, unha serie de pautas para que o espazo se converta en habitable e poder así acabar con éxito unha reforma integral cun óptimo resultado en calidade-prezo.

A estrutura

O primeiro que convén analizar é o estado da estrutura do edificio. O arquitecto deberá observar se hai que reforzar muros, amañar fendas ou engadir contrafortes, entre outras técnicas. E, se se quere incrementar o illamento acústico, este sería o momento de informarse. O tema do teito tamén é importante e, polo tanto, cómpre examinar o seu estado e decidir se se fai algún tipo de intervención para o reforzar.

As instalacións

A maioría das vivendas antigas teñen as canalizacións de auga e de gas e o sistema eléctrico non homologado, isto no caso de que teñan. Débense adecuar todas as instalacións e teríase que pensar no aforro enerxético, o que supón mirar polo medio natural e diminuír o gasto en luz, auga e gas.

A distribución

Outro aspecto que convén considerar é a recolocación dos cuartos. É básico decidir como se queren as estancias, se se cambia totalmente a distribución ou se só se fai algunha abertura e se se cambian portas e fiestras. Haberá que decidir entón o tipo de chan que se vai usar (baldosas, parqué, gres...) e a cor da pintura. Ao ser unha vivenda antiga, é moi probable que haxa restos de humidade. Esta débese paliar cunha primeira limpeza con solución de cloro e pintando con produtos especializados antihumidade.

Os materiais

Por último, os materiais necesarios para a reforma débense pedir con antelación. Hai que ter en conta que moitos produtos tardan varias semanas ou mesmo meses en chegar, dependendo de quen sexa o provedor ou de onde estea situado.

En conclusión, a reforma dunha vivenda antiga pode ser un traballo áxil se se ten información abonda e se existe unha correcta organización. Unha casa antiga pode quedar realmente sofisticada e pode ser unha opción máis factible que empezar unha casa de novo.

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA
COMECE NA SEGUINTE



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for the student to write their answers for the A2 exam.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the text. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A2' section.



2018410001

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for writing the answer to the exam question.



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE REVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que revisa a proba (3ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE SUPERVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que supervisa a proba (2ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE AVALIACIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que avalía a proba (1ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:

